

# MASPALOMAS

Jose Mari Goneaga / Aitor Arregi, 2025

# 1599

ESTREA EN NUMAX: 26.09.2025 | V.O.S.E. | +16 | 115 min

Logo de romper coa súa parella, Vicente (76) leva a vida que quere en Maspalomas: o seu día a día pásao deitado ao sol, de festa e na procura de pracer. Un accidente inesperado obrígao a regresar a San Sebastián e reencontrarse coa súa filla (Nagore Aranburu) a quen abandonou anos atrás. Vicente terá que vivir nunha residencia onde se verá empurrado a volver ao armario e a ocultar unha parte de si propio que cría resolta. Nesta nova contorna, Vicente deberá preguntarse se aínda está a tempo de se reconciliar cos demais... e consigo mesmo.

«Os Moriarti emocionan cunha mirada a como os anciáns LGTB volven ao armario na residencia. Os directores vascos ofrecen o seu mellor filme»

Javier Zurro, ELDIARIO.ES



## Un relato soberbio, cru e moi emocionante de vellos gais que, en efecto, foden

Por Luis Martínez

*Maspalomas* lánzase en picado apenas se apagan as luces e baixo o sol abrasador das praias de Gran Canaria, o personaxe que interpreta José Ramón Soroiz cunha valentía e emoción fóra de dúbidas, deixa claro que os eufemismos, as palabras a medias ou as narracións fóra de campo están ben para alimentar os pitos. Toda a película, desde o primeiro ao último plano, milita na sinceridade, na liberdade, no entusiasmo polo certo. E aí, no que é o mellor traballo dos responsables de películas como *La trinchera infinita* ou *Marco*, fica a vivir. *Maspalomas* é unha película de amor, pero tamén o é de liberación e, apurando, de resistencia. Si, en tempos de recortes de dereitos básicos, resistir é algo máis que simplemente unha opción.

Cóntase a historia dun home maior, digamos vello, que, despois de saír do armario contra e a pesar de todos, vese obrigado a volver a el; é dicir, vese de novo forzado a esconder a súa condición de homosexual como tempo atrás, pero peor. Tras sufrir un ictus e sen recursos despois de separarse da súa última parella, ao protagonista non lle queda outra que volver á cidade natal da que fuxiu e recluírse nunha residencia onde ser gai non parece unha opción. Os directores con nomes de centrais do Athletic optan por espir a pantalla de atallos, pero sen renunciar a ese lirismo case naif que preside o seu cinema desde *Loreak* e máis atrás. É unha cuestión de ritmo. Se a entrada na película é tan clara que cega, aos poucos o relato adquire matices, sombras, profundidades e dramas. Os dramas de *Maspalomas* son plurais. Uns son graves e frontais; outros son máis ben mornos e dan algo de calor, e os últimos resultan tan fríos que cortan. O que non fai nunca *Maspalomas* é buscar acepcións onde non as hai nin entregarse a circunloquios por aquilo de non molestar. No filme fódese. E xa por esa toma de postura ao lado da verdade, a película está completamente a salvo.

Contan os directores que polo camiño da produción asaltáronlles mil dúbidas que tiñan máis que nada que ver co propio sentido de dubidar. "Por que aceptamos que a xente de máis de 70 anos non pode ter sexo? Que é iso de que a libido desaparece coa idade? Por que custa tanto ver representado o sexo cunha aparencia mínima de verdade? Por que insultamos os vellos tratándoos sempre con condescendencia? Que barbaridade é esa de resumir a todos os vellos no concepto *os nosos maiores*?", din un e outro de forma alternativa, que non á vez. Ou case si. Non é que se fagan todas as preguntas de golpe. É máis ben que queren, e por iso a súa película, que cada pregunta soe, pareza e ata sexa un golpe.

Jose Mari, que asina o guión, empezou a pensar a película cando viaxou unha vez a *Maspalomas* e caeu na conta de que o sitio era "moito máis que simplemente un destino turístico gai". "Tamén se respira un aire de liberdade suxestiva, novo e ata estraño. Pensei que era un bo argumento para unha película, pero sen saber moi ben como. Logo lin nalgún lado o que significaba para algúns maiores volver ao armario cando se vían nunha residencia e pareceume que non só era unha historia increíble, senón tamén unha metáfora cruel deste tempo no que se perden dereitos". Ao seu lado, Arregi dálle a razón e reflexiona sobre os tabús dunha sociedade obsesionada con asuntos como a mocidade ou o consumo. "O que parece claro é que ser vello e ser homosexual seguen sendo estigmas. A xente maior non aparece nos anuncios, non existe. Só aparece para ser infantilizada e tratada cunha condescendencia algo humillante", engade. Quen sabe se *Maspalomas*, como antes que ela e salvando todas as distancias *La ley del deseo*, de Almodóvar, logrará o que de tanto en tanto logra o cinema, o cinema certo: abrir un oco non tanto na conversa, que tamén, como na propia mirada do espectador.